



## PROXECTO NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA

### PROPOSTA TERMINOLÓXICA

Despois do baleirado de termos de enquisas e manuais especializados atopámonos cunha serie de vocábulos:

- a. que non estaban recollidos no VOLG<sup>1</sup>
- b. si aparecían no VOLG, pero logo nos diferentes dicionarios de galego non constaban coa acepción que nós manexabamos.

### TERMS PROBLEMÁTICOS

		Embarcación de Vela				
Castelán	ENQUISA	VOLGA	CUMIO	Xerais	DGC naval <sup>2</sup>	Xogas? <sup>3</sup>
Amantillo	Amantillo	NON	NON	NON	SI	NON
	Contra de tangón	NON	NON	NON	NON	NON
Bañeira	Bañeira	Bañeira	NON	NON	SI	NON
Botavara	Botavara	NON	NON	NON	SI	SI
Caña	Caña	SI	NON	SI	SI	SI
	Cañin	SI	NON	NON	NON	NON
Escotero	Pasacabos	NON	NON	NON	NON	NON
	Polea	NON	NON	NON	NON	NON
Espejo de popa	Espello de popa	ESPELLO	NON	NON	SI	SI
Foque o Génova	Foque	NON	SI	SI	SI	SI
	Tormentín	NON	NON	NON	NON	SI
	Xénova	NON	NON	NON	NON	SI
Fogonadura	Fogonadura	NON	NON	NON	NON	NON
Grátil	Grátil	NON	NON	NON	SI	SI
Pujamen	Puxame	NON	NON	NON	NON	NON
	Pusaxe	NON	NON	NON	NON	NON
Rizo	Rizo	SI	SI	SI	SI	SI
Sables	Sables	SI	NON	NON	NON	SI
Spinnaker	Spinaquer	NON	NON	NON	SI	SI
	Espí	NON	NON	NON	NON	NON
Tangón	Tangón	NON	NON	NON	NON	NON
Trapa	Trapa	SI	NON	NON	NON	SI
	Retida	NON	NON	NON	NON	NON
Virada	Virada	SI	SI	SI	SI	SI
	Patronear	SI	NON	SI	NON	
	Retida	NON	NON	NON	NON	NON

<sup>1</sup> Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega

<sup>2</sup> Dicionario Galego de Construción Naval: <http://dicionarionavalgalego.ingenierosnavales.com/>

<sup>3</sup> Rodríguez Rodríguez, Anair (2002): *¿Xogas? Os deportes náuticos*. Vigo: Concello de Vigo e Universidade de Vigo

## Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

*IES Félix Muriel - Rianxo*



*Curso 2007-2008*

Navegación a Vela						
Castelán	ENQUISA	VOLG	CUMIO	Xerais	DGC naval	Xogas?
Acuartelar	Acuartelar	SI	NON	NON	NON	NON
	Cazar	SI	NON	SI	NON	SI
Adrizar	Adrizar	NON	NON	NON	SI	SI
	Contraescora	NON	NON	NON	NON	SI
Amollar	Amollar	NON	NON	NON	NON	SI
	Lascar	NON	NON	SI	SI	SI
Aparejo	Aparello	SI	SI	SI	SI	SI
	Enxarcia	SI	SI	SI	SI	SI
	Xarcia	NON	NON	NON	NON	NON
Ceñir	Cinxir	SI	NON	NON	SI	SI
	Ciñir	NON	NON	NON	NON	NON
	Ceñida	NON	NON	NON	NON	NON
Trasluchar	Trasluchar	NON	NON	SI	NON	NON


Embarcación de remo						
Castelán	ENQUISA	VOLG	CUMIO	Xerais	DGC naval	Xogas?
Ciaboga	Merear	NON	NON	NON	NON	NON
	Ceavoga	NON	NON	NON	SI	SI
	Ciaboga	NON	NON	NON	NON	NON
Empuñadura	Asidero	SI	NON	NON	NON	NON
	Guión	SI	NON	SI	NON	NON
	Couce	SI	NON	NON	NON	NON
Pica	Pica	SI	NON	SI	NON	SI
	Palote	NON	NON	NON	NON	NON

Isto levounos a ter que nós fallar unha solución que explicamos a continuación. Algunha palabra que temos aínda moi dubidosa e que nos queda pendente de investigación deixámola co mesmo significante ca en castelán engadíndolle ó lado o símbolo 🔍 (en proceso de estudo).

### Embarcación de vela


Castelán	A NOSA PROPOSTA PARA O GALEGO	XUSTIFICACIÓN
Amantillo	<b>Amantillo</b>	Acordamos deixar “amantillo” porque é o termo usado polos mariñeiros e coincide coa forma empregada en portugués ( <i>amantillo</i> ). Emprégase tamén en textos especializados.
Bañera	<b>Bañeira</b>	Consideramos que se lle pode asignar ao termo galego “bañeira” o significado que ten neste campo ‘parte aberta da cuberta do barco onde se sitúan os tripulantes e o temoeiro para o goberno da embarcación’, xa que non presenta problema unha ampliación de significado, sobre todo cando se trataba da forma recollida na enquisa.
Botavara	<b>Botavara</b>	É unha forma que aparece recollida nalgunha bibliografía escrita en lingua galega e ademais é o termo empregado polos mariñeiros en Rianxo.



Escotero	<b>Pasacabos, Escoteiro</b>	“Pasacabos” e “Escoteiro” son termos empregado pola xente do mar en Rianxo e as dúas parécennos asumibles en galego, xa que son formacións sobre palabras perfectamente normativas (cabo e escota). Non atopamos outras solucións para o galego dentro da bibliografía consultada.
Espejo de popa	<b>Espello de popa</b>	É o termo recollido nas enquisas e aparece nalgunha bibliografía en galego.
Génova	<b>Xénova</b>	Decidimos quedar coa forma “xénova” dado que é a que empregan os falantes, fronte á solución “foque de tormenta” que nos propuxeron en TERMIGAL, dado que “xénova” é un foque máis grande do normal, empregado con ventos suaves ou moderados, nunca con tormenta. O “foque de tormenta” é máis pequeno do normal, polo tanto esta solución non nos serve xa que se refire ó castelán “tormentín”.
Fogonadura	<b>Fura do mastro, Fogonadura</b>	“Fura do mastro” foi a proposta que fixeron desde TERMIGAL e introducímola porque é un significante que se axusta ben ó significado e lanzámola esperando que teña acollida, pese a que os especialistas consultados non lle ven moito éxito. Por iso optamos por deixala ó lado de “fogonadura” que é a que empregan os falantes, a que aparece na bibliografía escrita en galego e nos carteis da xeiteira expostos no Museo do Mar de Rianxo.
Grátil	<b>Grátil</b> 	Deixamos “grátil” porque é a forma que usan os falantes e aparece nalgunha bibliografía. Pensamos tamén en introducir como solución unha das formas empregadas en portugués “testa da vela”, pero non o temos suficientemente estudado.
Pujamen	<b>Puxamen</b>	É a proposta de TERMIGAL e a forma que empregan nalgunha bibliografía, polo tanto adoptámola a pesar de que os nosos falantes din “puxame”.
Rizo	<b>Rizo</b>	Consideramos que, ó ser a forma que se está empregando nos textos especializados, a recollida nas nosas enquisas e a usada nas linguas románicas próximas (que empregan termos equivalente: <i>riz</i> , <i>ris</i> ), o máis lóxico era ampliar o significado do termo “rizo” xa existente en galego.
Sables	<b>Sabre</b>	O significado do termo ‘Tiras de plástico flexible inseridas nas bolsas intercaladas ao longo da baluma da vela maior’ vén sendo unha ampliación do significado do termo “sabre” existente xa en galego.
Spinnaker	<b>Spinnaker</b>	A xente emprega este termo e ademais recóllese na bibliografía en galego, en portugués e en francés
Tangón	<b>Tangón</b>	É a proposta de TERMIGAL ademais de ser o termo recollido na enquisa e o empregado nos textos especializados.
Tormentín	<b>Foque de tormenta</b>	Esta forma propúxonola TERMIGAL para xénova, pero había unha confusión semántica, xa comentada anteriormente, polo que a escollemos como solución para “tormentín” xa que este termo se refire ó foque máis pequeno do normal empregado con mal tempo.
Trapa	<b>Trapa</b>	É a solución que nos deron os falantes e a empregada nos textos especializados en galego.



## Navegación a Vela

Castelán	A NOSA PROPOSTA PARA GALEGO	XUSTIFICACIÓN
Acuartelar	<b>Acuartelar</b>	“Acuartelar” é a solución de TERMIGAL e o termo recollido nas enquisas.
Adrizar	<b>Adrizar</b>	Os falantes empregan “adrizar” e tamén se recolle na bibliografía en galego. Xa que existe “driza” non lle vemos problema a “adrizar”.
Amollar	<b>Arriar</b>	“Arriar” é o termo que usan os falantes. Este termo resulta moi complexo porque se define de forma diferente nos distintos dicionarios. Os usuarios consultados definen “amollar” (arriar) como ‘afrouxar un cabo pouco a pouco’, diferenciando perfectamente de “largar” que é ‘soltar completamente un cabo’. Non obstante nos dicionarios, tanto de castelán como de galego, crúzanse as definicións. En portugués empregan “folgar” ou “lascar” con este significado, pero “lascar” para moitos usuarios galegos é sinónimo de “largar”.
Cinguir	<b>Cinxir, Cinguir</b>	Optamos por deixar os dous sinónimos dado que o significado que ten no ámbito mariñeiro ‘situar o barco en ángulo pechado respecto da dirección do vento’ pode perfectamente considerarse unha ampliación dos significados existentes para estes termos.
Largar	<b>Arriar en banda</b>	O termo “largar” en castelán emprégase no ámbito da vela para referirse á acción de afrouxar ou soltar un cabo completamente. Na maioría dos dicionarios aparece como sinónimo de “lascar”, pero nalgunha bibliografía os dous vocábulos ( <i>largar</i> e <i>lascar</i> ) encóntranse definidos igual ca “amollar” ‘afrouxar ós poucos a tensión dun cabo’. Dado este cruce semántico entre “largar” e “lascar”, que tamén se produce entre os enquisados, acordamos empregar outras formas que os mariñeiros teñen perfectamente delimitadas: “arriar” para “amollar” ‘soltar un pouco o cabo’ e “arriar en banda” para “largar” ‘soltar de todo o cabo’.
Trasluchar	<b>Trasluchar</b> 	Forma aínda en estudo polo que, ante as dúbidas, propoñemos “trasluchar”, xa que é a forma que usan os falantes e a que aparece na maioría da bibliografía, pese a que tamén se pode atopar “trasloitar”. Esta última forma parécenos un hiperenxebriismo, mentres que as solucións propostas desde TERMIGAL (“virar” e “cambar”, esta última proposta tamén desde o SNL da USC) non tiveron aceptación ningunha entre os usuarios consultados, argumentando estes que provocaban confusión e que o termo “trasluchar” xa estaba moi implantado cun significado moi concreto que non o pode asumir nin un vocábulo xenérico como “virar”, nin un neoloxismo nada estendido como “cambar”.
Virada	<b>Viraxe, Virada</b>	Optamos por estas dúas formas porque están en diferentes obras bibliográficas. Na enquisa recolleuse “virada” e aínda que non aparece no dicionario coa acepción marítima, pode ser unha ampliación do significado. A escolla de “viraxe” apóiase no seu emprego nalgunha bibliografía vocabulario, é a forma portuguesa e non lle vemos ningún problema á súa formación.



## Remo tradicional

Castelán	A NOSA PROPOSTA PARA GALEGO	XUSTIFICACIÓN
Ceaboga	<b>Ciaboga</b>	Emprégase nos textos dos especialistas, na bibliografía existente tamén é un termo que sempre aparece e en portugués teñen unha forma similar: cia-voga.
Empuñadura	<b>Empuñadura, guión, puño</b>	“Empuñadura” e “guión” son dúas opcións que elixen os falantes e poden perfectamente considerarse unha ampliación dos significados existentes para estes termos. Tamén podería valer “puño”, forma recollida con este significado no <i>Diccionario de diccionarios</i> de Constantino García.
Pica	<b>Pica Pica patrón</b>	Nos dicionarios “pica” recóllese co significado de “remo grande”, pero os usuarios distinguen entre dous termos: “pica” e “pica patrón”, sendo o primeiro un remo máis pequeno do normal que emprega o proeiro nas viradas, mentres o segundo é un remo máis grande do normal que utiliza o patrón a modo de timón. De aí que nós optásemos por manter a distinción que existe na fala. Nas enquisas tamén aparece recollida a forma “palote” para referirse á “pica patrón” pero rexeitámola por ser un termo castelán sen ningunha presenza na bibliografía galega.